

TAXAS CONEXIÓN

Vivendas unifamiliais	180 euros
Vivendas colectivas	260 euros
Comercios, negocios	250 euros
Industrias	300 euros
Colocación de contador, sexa independente ou non de enganche á rede municipal .	250 euros.

CONSUMOS

Ate 10 m3/mes	0,00 euros.
Más de 10 m3/mes	0,28 euros/m ³ .

B) Modificar o artigo 8 da Ordenanza Fiscal quedando establecido nos seguintes termos:

ARTICULO 8. LIQUIDACIÓN

A) Cando se trate de servizos non periódicos:

- Cando se trate de servizos ou de actividades con unha liquidación que se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento, ou en momento posterior, pero sempre antes de prestar o servizo ou de realizar a actividade.
- Cando se trate de servizos ou actividades con unha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.
- Si se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificará a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de Recaudación para a liquidación de contraído previo, sen perxuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

Practicarase a liquidación con unha periodicidad semestral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno do Concello de Campo Lameiro, en sesión celebrada en data 19 de novembro de 2012, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de enero de 2013, permanecendo en vigor ate que se acorde a súa modificación ou derogación expresa

**4.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA
POR SERVIZO RECOLLIDA DE LIXO****ARTÍCULO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de oéximen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a modificación da taxa por recollida domiciliaria de lixo, que rexirase pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó disposto no artigo 57 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTÍCULO 2. FEITO IMPONIBLE

Constitue o feito imponible da taxa a prestación e recepción obrigatoria do servizo de recollida de basuras domiciliaria e de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos donde se exerza calquer actividade [industrial, comercial, profesional, artística...].

Para elo, consideranse basuras domiciliarias e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de vivendas ou establecementos.

Exclúense de dito concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras [2], detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade].

A recollida de residuos especiais, industriais e semellantes estará sometida ó establecido na Normativa específica reguladora.

ARTÍCULO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, todas as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, plazas, rúas ou vías públicas nas que se preste ou servizo, sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario, ou, incluso, de precario.

Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuinte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

ARTÍCULO 4. RESPONSABILIDADES

Responderán da debida tributaria os deudores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse deudores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da debida tributaria estarase ó establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTÍCULO 5. CUOTA TRIBUTARIA

A cuota tributaria anual será:

a) Xerais

* Vivendas unifamiliares	50,00 euros/ano
* Comercios, bares, perruquerías	65,00 euros/ano
* Oficinas, xestorías, entidades bancarias	80,00 euros/ano
* Gasolineiras	80,00 euros/ano
* Talleres e análogos	80,00 euros/ano
* Supermercados, tendas alimentación	100,00 euros/ano
* Panaderías	80,00 euros/ano
* Establecimentos hoteleiros(até 25 plazas)	145,00 euros/ano
* Establecimentos hoteleiros (Máis de 25 plazas)	225,00 euros/ano
* Casa Turismo Rural (Até 5 habitacions)	125,00 euros/ano
* Casa Turismo Rural(Máis de 5 habitacions)	185,00 euros/ano
* Funerarias	80,00 euros/ano

<i>b) Parque empresarial A Facha</i>	<u><i>Con recollida selectiva</i></u>	<u><i>Sen recollida selectiva</i></u>
* Industrias con naves de -1.000 m2	180,00 euros/ano	360,00 euros/ano
* Idem. con naves de 1.001 a 2.000 m2	250,00 euros/ano	500,00 euros/ano
* Idem con naves de 2.001 a 5.000 m2	390,00 euros/ano	780,00 euros/ano
* Idem con naves de más 5.000 m2	600,00 euros/ano	1.200,00 euros/ano

O servizo extraordinario e ocasional de recollida de residuos sólidos urbanos, previa petición do interesado ou orden da Alcaldía por motivos de interés público, facturarase ó coste do mesmo.

ARTÍCULO 6. DEVENGO

1. Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir dende ol momento na que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida domiciliaria de basuras nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuintes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o servizo, as cuotas evengaránse o primeiro día de cada semestre do ano (Xaneiro-xuño / xullo-dецembro).

No caso de primeiro establecemento, a taxa se devengará o primeiro día do semestre seguinte.

ARTÍCULO 7. NORMAS DE XESTIÓN

Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data na que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cuota do primeiro semestre.

Nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente ó alta na respectiva matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacions mediante edictos que así o advirtan.

Nembargantes, cando se verifique por parte do servizo administrativo correspondente que a vivenda pode ser habitada, procederase de oficio a dar de alta a vivenda no correspondente Padrón, sen perxuizo de que se poida instruir expediente de infraccions tributarias.

Cando se coñeza, sexa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquier variación dos datos figurados na matrícula, levaránse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data na que se formalizara a declaración.

O cobro das cuotas efectuarase semestralmente mediante recibo derivado da matrícula. Transcurrido o periodo de cobro en voluntaria procederase á cobranza das cuotas pendentes en vía de apremio.

Aa prestación do servizo comprenderá a recollida de lixo nos lugares que previamente se indique por parte do Concello, e a súa carga nos vehículos correspondentes. Por elo, os usuarios veñen na obriga de depositar previamente as basuras no correspondente lugar, en recipientes adecuados e no horario que se determine por parte do Concello.

ARTÍCULO 8. INFRACCIONS SANCIONS

En todo o referente a infraccions e sancions, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así cmo as disposicións que a desenrolen.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno do Concello de Campo Lameiro, en sesión celebrada en data 19 de novembro de 2012, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de enero de 2013, permanecendo en vigor ate que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra os presentes Acordos, conforme ó artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pódese interpor polos/as interesados/as recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

En Campo Lameiro a 4 de xaneiro de 2013.—O Alcalde, Julio G. Sayáns Bugallo.

2013001919

* * *

CRECENTE

A N U N C I O

Por Acordo do Pleno Municipal de data 11 de abril de 2013, aprobouse incoar o procedemento para a alteración da cualificación xurídica [desafectación] do ben inmovible local municipal sito en Mon y Landa nº 13 A de Crecente deixando dito ben de ser destinado ao servizo público do antigo mercado - praza de abastos, ao que estaba afecto, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

O expediente queda sometido a información pública polo prazo dun mes a contar dende o día seguinte o de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios; ao longo deste prazo, os interesados poderán presentar as alegacións que consideren oportunas.

En Crecente, a 16 de abril de 2013.—O Alcalde, Julio César García-Luengo Pérez.

2013003482

A N U N C I O

O Pleno do concello de Crecente, en sesión ordinaria celebrado o día 11 de abril de 2013, acordou a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia e básico) do concello de Crecente.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Si transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

En Crecente, a 16 de abril de 2013.—O Alcalde, Julio César García-Luengo Pérez.

2013003483

A N U N C I O

Polo Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de abril de 2013, aprobouse inicialmente o Regulamento de Réxime Interno do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do concello de Crecente

De conformidade ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o devandito Regulamento sométese por medio do presente a información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días.

Durante o devandito prazo poderán presentarse as reclamacións que se estimaren.